

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2013 pola que se aproban as bases e se convoca a selección de entidades colaboradoras na xestión das subvencións para a adquisición e instalación de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia, e pola que se aproban as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, das devanditas subvencións (procedementos administrativos PR527A e PR527B).

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ten por obxecto establecer medidas para favorecelo e establecer que a súa aplicación práctica se planifique mediante o Programa de desenvolvemento rural sustentable, que foi aprobado mediante Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

A publicación da Lei 7/2009, do 3 de xullo, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións, estableceu que a Corporación de Radio e Televisión Española e as sociedades concesionarias do servizo de interese xeral de televisión dixital terrestre de ámbito estatal están obrigadas a poñer, conxuntamente, as canles que emiten en aberto á disposición, ao menos, dun mesmo distribuidor de servizos por satélite ou dun mesmo operador de satélites, constituíndo unha solución de difusión por satélite que permite universalizar o servizo de televisión.

Segundo o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndelle á Secretaría Xeral de Medios a execución da política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual e, entre outros, o exercicio das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación.

O pasado 7 de maio de 2012 asinouse o convenio específico entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das actuacións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais. No convenio recóllese, no anexo I (2.26.CA.3), eixo 2, medida 26 e tipo de actuación CA.3, entre outras, as



accións singulares que se realizarán entre os anos 2012 e 2015 nas zonas para revitalizar para o establecemento de servizos de telecomunicación en áreas remotas, consistentes en subvencións para a adquisición e instalación dos equipamentos de telecomunicación satelital para dispoñer do servizo de televisión dixital terrestre. Estas actuacións singulares perseguen o obxectivo de investir na dotación de equipamentos de radio de telecomunicación satelital para o acceso ao servizo de televisión dixital terrestre de entidades locais, familias, empresas ou entidades sen ánimo de lucro titulares de edificios ou instalacións, ao cal non poden acceder por outros medios.

En consecuencia, e no uso das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto*

1. Aprobar as bases reguladoras, que se xuntan a esta resolución como anexo I, para seleccionar as entidades colaboradoras na xestión das subvencións para a adquisición e instalación de equipamentos de televisión dixital terrestre por satélite en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia, e proceder á súa convocatoria.

2. Aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas á adquisición de equipamento para a recepción das canles do servizo público e de interese xeral da televisión dixital terrestre satelital, que se xuntan a esta resolución como anexo II.

3. Aprobar o formulario para xestionar esta convocatoria, que se xunta a esta resolución como anexo III, para entidades colaboradoras.

Segundo. *Prazo para presentar as solicitudes e a documentación xustificativa*

As entidades colaboradoras poderán presentar as solicitudes de adhesión no prazo establecido no artigo 8 das bases reguladoras recollidas no anexo I.

A relación de entidades colaboradoras actualizarase na medida en que estas asinen os correspondentes convenios de colaboración. A dita actualización será obxecto de publicación por medios electrónicos, de acordo co establecido no artigo 28.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.



Terceiro. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral de Medios, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se fose expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Cuarto. Información aos interesados

Sobre estes procedementos administrativos, que teñen os códigos PR527A e PR527B, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral de Medios a través das seguintes canles:

a) Sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>.

b) Páxina web oficial da Secretaría: <http://medios.xunta.es>, na súa epígrafe de «Axudas».

c) Teléfonos da devandita secretaría xeral:

– Para cuestións administrativas: 981 54 42 34.

– Para cuestións técnicas: 881 99 92 39/981 54 43 30.

d) Enderezo electrónico: xestion.sxm@xunta.es

e) Presencialmente, nas dependencias da Secretaría Xeral de Medios, na rúa Hórreo, nº 61, 15701 Santiago de Compostela.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Secretaría Xeral de Medios, que é o 981 54 12 46/981 54 45 23.



Esta resolución aplicarase desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o secretario xeral de Medios poderá ditar os actos necesarios para asegurar a súa correcta aplicación e execución.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2013

Alfonso Cabaleiro Durán
Secretario xeral de Medios

ANEXO I

Bases reguladoras para a selección das entidades colaboradoras na xestión das subvencións para a adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia (procedemento administrativo PR527A)

Artigo 1. *Obxecto*

Seleccionar as entidades colaboradoras que participarán na xestión das subvencións destinadas a adquisición e instalación de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital para as vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia.

Con este fin arbítrase un programa de axudas para a adquisición e instalación de equipamentos de TDT-Sat en vivendas e edificacións localizadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia carentes do servizo de TDT, así como as demais condicións establecidas no artigo 4.

Artigo 2. *Alcance das actuacións que van desenvolver as entidades colaboradoras*

As entidades colaboradoras terán como labor a promoción da adquisición, a colaboración na tramitación do procedemento nos termos previstos nestas bases, a subministración e instalación do equipamento indicado, actuando como canle entre os beneficiarios das accións subvencionables e a Secretaría Xeral de Medios e colaborando na xestión do procedemento por medios telemáticos. Para os efectos da tramitación do procedemento, a colaboración que prestarán as ditas entidades comprenderá a de presentar, en representación dos interesados, as solicitudes de axuda por medios telemáticos, cubrindo e enviando os formularios normalizados de solicitude xunto coa documentación complementaria que sexa requirida, así como realizar os trámites necesarios para executar, xustificar e certificar a realización das actuacións subvencionables.



Para estes efectos, non se establece compensación económica ningunha da Secretaría Xeral de Medios en favor da entidade colaboradora.

Artigo 3. *Requisitos das entidades colaboradoras*

Poderán obter a condición de entidades colaboradoras, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as empresas privadas con personalidade xurídica propia, validamente constituídas e os empresarios individuais. En ambos os casos, deberán ser empresas instaladoras de telecomunicación rexistradas como tipo A no Rexistro de Instaladores de Telecomunicación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que oferten servizos de instalación TDT-Sat na Comunidade Autónoma de Galicia coas características técnicas especificadas no artigo 4, e acreditar os seguintes requisitos:

a) Identificación da situación censual de alta da entidade colaboradora nunha epígrafe do imposto de actividades económicas relacionada co desenvolvemento do tipo de actividades recollidas nesta resolución.

b) Ser empresa instaladora de telecomunicación rexistrada como tipo A no Rexistro de Instaladores de Telecomunicación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ter o seguro de responsabilidade civil en vixencia.

c) Ser distribuidor autorizado de equipamentos de TDT-Sat para o público en xeral.

d) Existencia de sede e/ou puntos de venda ao público na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Dispoñibilidade e emprego de certificado electrónico de usuario así como de sinatura electrónica avanzada por parte do representante legal da entidade e por parte do interlocutor único que designe a entidade colaboradora.

Non poderán obter a condición de entidades colaboradoras aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Características do servizo de subministración e instalación*

O servizo que deben prestar entidades colaboradoras consiste na subministración e instalación do equipamento necesario para a recepción da TDT por satélite nas vivendas obxecto da demanda do servizo que se atopen en zona de sombra ou teñan unha cober-



tura deficiente da rede terrestre da TDT, que deberán acreditar mediante a realización dun informe previo. Unicamente as empresas instaladoras de telecomunicación que teñan a condición de entidades colaboradoras poden realizar estas actuacións e a subministración dos equipamentos receptores de TDT por satélite aos beneficiarios das axudas. A listaxe destas entidades pódese consultar no enderezo <http://www.sattdt.es/ConsultaInstaladores.aspx>.

O custo do servizo de subministración e instalación será similar, independentemente do lugar de instalación, e as tarifas acordes co mercado. Ademais, as ofertas comerciais que se realicen ao abeiro das presentes axudas deberán, como mínimo, ser equiparables a aquelas que a mesma empresa empregue na súa comercialización á marxe destas axudas, e poden, en todo caso, melloralas. Considerarase unha tarifa acorde co mercado a que estea por debaixo de 465 euros, IVE incluído, pola tramitación, subministración e instalación de un único receptor, antena e cableado.

Aínda que só se subvenciona o equipamento, a empresa deberá instalalo e tramitar a activación do servizo, deixándoo plenamente operativo. O dito equipamento consiste, no caso dunha instalación completa, en antena parabólica de recepción cos seus complementos, cableado, toma de usuario e receptor de TDT por satélite capaz de recibir as canles do servizo público e do servizo de interese xeral de televisión dixital terrestre.

Artigo 5. *Obrigas das entidades colaboradoras*

Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras quedarán obrigadas a:

a) Emprego dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos, baseados en estándares de uso común amplamente difundidos, dispostos pola Secretaría Xeral de Medios, para a presentación da solicitude de adhesión da entidade colaboradora, así como a tramitación e xestión das actuacións recollidas nesta resolución, que requirirán, cando menos, o coñecemento e necesario emprego da sinatura electrónica, técnicas de escaneamento e dixitalización de documentación, ferramentas da internet e a integración co Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

b) Disponibilidade e emprego de certificado dixital de usuario por parte do representante legal da entidade colaboradora e por parte do interlocutor único que defina a propia entidade colaboradora para o despacho cotián dos asuntos.



c) Verificar e certificar que os solicitantes reúnen os requisitos para solicitar a axuda que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

d) Realizar, en representación dos solicitantes da axuda, a presentación telemática das solicitudes de axuda e documentación complementaria que sexa requirida de acordo coas bases reguladoras da subvención.

e) Conservar os documentos de solicitude de axuda, declaracións responsables e autorizacións asinados polos solicitantes á disposición da Secretaría Xeral de Medios, que poderá requirir o envío desa documentación para os efectos de realizar as comprobacións que procedan.

f) Realizar todos os trámites administrativos ante a Secretaría Xeral de Medios para que os solicitantes obteñan a condición de beneficiarios, e, así mesmo, achegar toda a documentación xustificativa da realización das actuacións subvencionables nos termos exixidos nas bases reguladoras da subvención.

g) Informar os solicitantes das obrigas que asumen no caso de resultaren beneficiarios.

h) Incluír na solicitude de activación do servizo na plataforma TDT-Sat os datos relativos á localización da vivenda do solicitante e o número de referencia da subvención recibida.

i) Executar as actuacións necesarias para a subministración e instalación do servizo de TDT-Sat dos beneficiarios coas características especificadas no artigo 4.

j) Xustificar e certificar a realización das actuacións subvencionables ante a Secretaría Xeral de Medios. Deberase xuntar escrito de conformidade do beneficiario da correcta instalación da subministración por parte da entidade colaboradora.

k) Comunicar calquera variación substancial relativa á información inicial presentada en relación coa solicitude de obtención da calidade de entidade colaboradora.

l) Adiantar a contía da axuda aos beneficiarios mediante o correspondente desconto na factura. Este importe será aboado pola Secretaría Xeral de Medios á entidade colaboradora, logo da cesión do dereito ao cobramento da subvención autorizada polos solicitantes.

m) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de control e comprobación da pista de auditoría.



n) Cumprir as obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal derivadas da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e da normativa aplicable.

o) Atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

p) Anunciar o carácter público do financiamento das actuacións subvencionadas e as obrigas de publicidade sinaladas no artigo 7.

q) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Secretaría Xeral de Medios, así como calquera outra que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios.

O incumprimento das obrigas sinaladas neste artigo e, en particular, a falsidade ou inexactitude nas declaracións e certificados presentados polas entidades colaboradoras, poderá implicar a perda da condición de entidade colaboradora, así como a aplicación do réxime sancionador previsto na normativa aplicable en materia de subvencións.

Artigo 6. *Solvencia técnica, económica e eficacia das entidades colaboradoras*

A acreditación da solvencia técnica, económica e da eficacia da entidade colaboradora estará suxeita aos seguintes elementos:

a) Acordo coas empresas fabricantes de receptores de TDT-Sat, homologadas pola xestora da plataforma de difusión de televisión por satélite mediante acceso condicional, que acredite a entidade colaboradora como instaladora autorizada para a distribución dos servizos de TDT por satélite, establecidos na Lei 7/2009, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións.

b) Identificación da situación censual de alta da entidade colaboradora nunha epígrafe do imposto de actividades económicas relacionado co desenvolvemento do tipo de actividades recollidas neste réxime de axudas.

c) Estar dado de alta no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación, ao menos no tipo A, segundo o disposto pola Orde ITC/1142/2010, do 29 de abril, pola que se desenvolve o Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación, aprobado polo Real decreto 244/2010, do 5 de marzo, e cumprir os requisitos marcados polo dito real decreto.



d) Xustificación da vixencia do seguro de responsabilidade civil obrigatorio para as empresas instaladoras de telecomunicación, segundo o establecido na letra c) do artigo 2 do Regulamento regulador aprobado polo Real decreto 244/2010, do 5 de marzo, mediante copia da xustificación bancaria que acredite o pagamento do último recibo.

Artigo 7. *Obrigas de publicidade*

As entidades colaboradoras proporcionarán aos solicitantes toda a información que necesiten respecto ao alcance desta subvención (cantidade subvencionada, requisitos e obrigas dos beneficiarios, condicións da subvención, vixencia etc.).

Así mesmo, disporán cando menos dun enderezo electrónico e dun teléfono.

Con carácter xeral, nas actividades de difusión, páxinas web e publicacións e, en xeral, en toda a información ou publicidade da actuación subvencionada, farase constar que están subvencionados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e deberán figurar os logotipos das administracións financiadoras, o do programa e o lema segundo modelos incluídos no anexo que se publicará xunto coa convocatoria das axudas. Así mesmo, as antenas parabólicas, en caso de seren necesarias, e os equipamentos receptores deberán estar etiquetados cos mesmos logotipos.

Artigo 8. *Presentación das solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras*

a) Abrirase un prazo inicial de presentación de solicitudes de obtención da calidade de entidade colaboradora de quince días a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Sen prexuízo do anterior, unha vez finalizado o referido prazo e co fin de ofrecer a posibilidade de adherirse ao convenio a todas as entidades que se constitúan ou estean en condicións de cumprir os requisitos exixidos, admitiranse solicitudes de obtención da calidade de entidade colaboradora en calquera momento dentro do período de vixencia das presentes bases reguladoras (2013-2015).

c) De acordo coas previsións do artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, establécese a obrigatoriedade da presentación da solicitude de obtención da calidade de entidade colaboradora unicamente por medios electrónicos ao seren as entidades colaboradoras empresas que, por razón da súa capacidade



económica, técnica e dedicación profesional, teñen garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios electrónicos precisos.

Tendo en conta o anterior, as solicitudes presentaranse mediante sinatura electrónica do representante legal da entidade solicitante, na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, seleccionando o procedemento PR527A, sede á cal tamén se pode acceder no enderezo da internet <http://medios.xunta.es>

Artigo 9. Contido e documentación das solicitudes de participación das entidades colaboradoras

As solicitudes estarán compostas pola seguinte documentación:

1º Formulario normalizado de solicitude, declaracións responsables e autorizacións que figuran no anexo III, obtido e cuberto a través da aplicación informática que aparece no enderezo <http://medios.xunta.es> ou en <https://sede.xunta.es>, debidamente asinados polo/s representante/s legal/legais da entidade colaboradora.

2º Documentación que acredite os requisitos de solvencia previstos no artigo 6 das presentes bases.

3º Memoria en que se indique:

- Descrición detallada das condicións económicas da subministración, instalación e tramitación do servizo de TDT vía satélite prestados polo solicitante.
- Descrición do procedemento para a recepción de solicitudes por parte dos interesados.
- Número de teléfono de atención aos solicitantes das axudas.
- Enderezo completo e datos de contacto dos seus puntos de venda ao público na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de que a actividade da entidade non comprenda todo o territorio galego, deberá indicar o ámbito xeográfico en que prestará o servizo.
- Identificación da epígrafe do IAE en que estea de alta a entidade colaboradora.



4º Documentación xurídico-administrativa:

a) No caso de ser persoa xurídica, documentación acreditativa da constitución da empresa (escritura de constitución e estatutos inscritos no rexistro público que corresponda).

b) De ser o caso, documento/s público/s acreditativo/s do poder con que actúa o representante legal.

c) NIF da entidade colaboradora.

d) DNI do representante legal e do interlocutor único da entidade colaboradora para os efectos de tramitación do procedemento (só se deberá achegar copia en caso de que se denegue a autorización á Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a comprobación dos datos do DNI).

e) Certificados de estar ao día das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellaría de Facenda (só se deberán achegar en caso de que se denegue a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a AEAT, a TXSS e a Consellaría de Facenda, de que o solicitante está ao día das súas obrigas).

A presentación da solicitude de obtención da calidade de entidade colaboradora implica a autorización da entidade colaboradora para que a Secretaría Xeral de Medios obteña directamente a documentación relacionada nas letras d) e e), salvo denegación expresa da entidade, nos termos previstos na Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

Artigo 10. *Instrución do procedemento de selección das entidades colaboradoras*

A Secretaría Xeral de Medios realizará de oficio os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de obtención da calidade de entidade colaboradora non reúne algún dos requisitos exixidos nesta resolución, requirirase a entidade solicitante para que nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución.



Unha vez revisadas as solicitudes de participación e feitas as emendas procedentes, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular as alegacións e presentar os documentos e as xustificacións que consideren pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que elevará ao órgano competente para resolver.

Artigo 11. *Resolución e notificación*

A persoa titular da Secretaría Xeral de Medios é o órgano competente para resolver o procedemento de selección das solicitudes de obtención da calidade de entidade colaboradora.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás entidades interesadas será de 3 meses contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* e, no caso previsto no artigo 8.b) do anexo I, ao da presentación da solicitude de obtención da calidade de entidade colaboradora. Se transcorre o prazo máximo sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

As resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 26 do Decreto 198/2010, se consta a aceptación pola entidade colaboradora ou, no seu defecto, nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, a relación de entidades colaboradoras seleccionadas será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral de Medios.

Artigo 12. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas polo órgano competente para resolver poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral de Medios, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa. Se non o é, o prazo será de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do acto administrativo.



b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa. Se non o é, o prazo será de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 13. *Convenio de colaboración coas entidades colaboradoras*

Cada unha das entidades seleccionadas asinará un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Medios no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución que estima a solicitude de obtención da calidade de entidade colaboradora. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade seleccionada asine o convenio entenderase que renuncia á condición de entidade colaboradora.

O convenio de colaboración terá o contido que resulta do artigo 13 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 14. *Normativa de aplicación*

Para todo o non previsto nesta resolución observarase o previsto respecto das entidades colaboradoras na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desa lei, no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

ANEXO II

Bases reguladoras das subvencións destinadas a adquisición de equipamentos para a recepción do servizo público e do servizo de interese xeral da televisión dixital terrestre por vía satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia (procedemento administrativo PR527B)

Artigo 1. *Obxecto, réxime das subvencións e tramitación electrónica do procedemento*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto posibilitar o acceso ao servizo público e ao servizo de interese xeral da televisión dixital terrestre vía satélite nas zonas cualificadas como zonas de sombra das redes terrestres aos beneficiarios definidos no artigo 4 destas bases.



Estas axudas xestionaranse a través de entidades colaboradoras, encargadas da subministración do equipamento e os trámites necesarios para a activación do servizo, que actuarán tamén como canle entre os beneficiarios solicitantes e a Secretaría Xeral de Medios. Para estes efectos, os solicitantes destas subvencións, pola mera presentación da solicitude, prestan o seu consentimento á entidade colaboradora correspondente para que efectúe no seu nome todos os trámites encamiñados á obtención da subvención nos termos previstos nas presentes bases. Os beneficiarios terán completa liberdade para elixir a empresa instaladora que prefiran de entre as adheridas á convocatoria para actuar como entidade colaboradora.

Estas bases reguladoras prevén a tramitación do procedemento por medios electrónicos, a través das entidades colaboradoras seleccionadas, nos termos previstos no título III da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e no capítulo V do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 2. *Ámbito territorial*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre por satélite en vivendas ou edificacións localizadas en zonas sen cobertura de televisión dixital terrestre nos concellos situados nas zonas rurais cualificadas como para revitalizar no Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural. Os concellos son os sinalados a seguir:

Zona rural:

– Lugo central: Abadín, Antas de Ulla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Monterroso, Muras, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Portomarín, Rábade, Samos, Sarria, Triacastela, Vilalba e Xermade.

– Montaña lucense: Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Quiroga, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín e Riotorto.



– Depresións ourensás e terras do Sil: Baltar, Bande, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Cualedro, Entrimo, A Gudiña, Laza, Lobeira, Lobios, Manzaneda, A Mezquita, Montederramo, Monterrei, Muíños, Oímbra, Parada de Sil, A Pobra de Trives, Porqueira, Rairiz de Veiga, Riós, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, A Teixeira, Trasmiras, Verín, Viana do Bolo, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso e Xinzo de Limia.

Artigo 3. *Gastos subvencionables*

Terán a consideración de subvencionables os gastos derivados da adquisición de equipamento para o acceso ao servizo público e ao servizo de interese xeral de televisión dixital terrestre vía satélite. O dito equipamento consistirá como máximo nunha antena parabólica de recepción cos seus complementos, cableado para unha toma de usuario e un receptor de TDT por satélite. Só se subvencionará un equipamento por enderezo e titularidade.

Aínda que só se subvenciona o equipamento, a entidade colaboradora deberá instalalo e tramitar a activación do servizo, deixándoo plenamente operativo, e deberá incluír todos estes aspectos no orzamento e na factura do beneficiario.

Artigo 4. *Beneficiarios*

a) Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nestas bases, de acordo co que se determine en cada orde de convocatoria, as entidades locais, as familias e as entidades sen ánimo de lucro.

Para os efectos do previsto neste punto, terán a consideración de familias as constituídas por un ou máis membros. No caso de que a familia estea constituída por máis dun membro, solicitará a axuda un dos membros da unidade familiar en representación de todos eles, de acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) En todo caso, os beneficiarios deberán reunir ademais as seguintes condicións:

1º Non dispoñer de cobertura dalgunha canle do servizo público ou do servizo de interese xeral de televisión dixital terrestre.

2º Condicións relativas ás vivendas ou edificacións:

a. No caso de entidades locais, a axuda solicitarase para o enderezo do local ou edificación da súa titularidade ou para aquel en que teña a sede algunha das súas institucións. Este requisito será acreditado mediante certificación orixinal do secretario da entidade local.



b. No caso de familias, a axuda solicitarase para o enderezo de residencia ou vivenda da súa propiedade.

Para acreditar a titularidade, o solicitante deberá presentar orixinal, copia notarial ou copia compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia do contrato de arrendamento en vixencia, escritura pública debidamente inscrita no rexistro correspondente que acredite a titularidade ou dereito do uso do inmovible, certificado catastral ou de empadramento no domicilio para o cal se solicita a axuda.

c. No caso de entidades sen ánimo de lucro, a axuda solicitarase para o enderezo do local titularidade delas, ou para aquel en que teña a entidade o seu domicilio, ou para aquel en que desenvolve o exercicio da súa actividade.

Para acreditar a titularidade, a entidade solicitante deberá presentar orixinal, copia notarial ou copia compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia, do contrato de arrendamento en vixencia ou escritura pública debidamente inscrita no rexistro correspondente, que acredite a titularidade ou dereito do uso do inmovible.

3º Non ter sido beneficiario doutra subvención para o mesmo obxecto.

4º Tramitar a solicitude exclusivamente a través de calquera das entidades colaboradoras que sexan seleccionadas pola Secretaría Xeral de Medios en procedemento público e aberto.

c) Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable, con independencia das comprobacións que efectúe o órgano xestor.

Artigo 5. *Contía máxima da axuda e incompatibilidade con outras axudas*

a) A contía da axuda acadará o 100 % do investimento subvencionable, ata un máximo de 300 euros, IVE incluído.

b) As axudas non serán compatibles con ningún outro tipo de axuda que poida recibir o beneficiario para o mesmo propósito.



Artigo 6. Forma de presentación e contido das solicitudes

a) O beneficiario presentará a solicitude no prazo establecido e de acordo co recollido na correspondente orde de convocatoria, coa que se publicarán os anexos de solicitude de axuda e de autorización/declaración.

b) Polo tanto, para ser beneficiario, o interesado deberá presentar a súa solicitude exclusivamente a través de calquera das entidades colaboradoras que sexan seleccionadas para este réxime de axudas, presencialmente. Para tal efecto, os interesados cubrirán o formulario de autorizacións e declaracións que será facilitado pola entidade colaboradora.

No dito formulario de autorizacións e declaracións recollerase a autorización ou dene-gación expresa do interesado para comprobar a veracidade do seu documento nacional de identidade, nos termos previstos na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

c) A entidade colaboradora tramitará esta solicitude, empregando o certificado electrón-ico do seu representante legal, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e obterá un xustificante de entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral de Medios poderá requirir en calquera momento ás entidades cola-boradoras a remisión do formulario asinado polos solicitantes para os efectos de realizar as comprobacións que procedan. Así mesmo, poderá requirir ás entidades colaboradoras a remisión dunha xustificación técnica de que a vivenda se atopa en zona de sombra.

d) Ademais, as entidades colaboradoras efectuarán as declaracións responsables que figurarán no anexo correspondente facendo constar:

– Que o solicitante non dispón de cobertura do servizo público ou do servizo de interese xeral de televisión dixital terrestre mediante a rede de difusión terrestre.

– Que na data da presentación da solicitude de axuda non se ten iniciado a execución da actuación subvencionable.

Artigo 7. Procedemento de concesión das axudas

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo



que as solicitudes se avaliarán e resolverán conforme a orde de presentación, mentres se dispoña de crédito suficiente, de xeito que, unha vez esgotadas as disponibilidades orzamentarias, as solicitudes restantes non serán admitidas. O esgotamento dos fondos será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Xunta de Galicia, tal e como prevé o artigo 32 do Decreto 11/2009.

Para estes efectos, a orde de presentación das solicitudes será a que resulte da data de presentación da solicitude pola entidade colaboradora na aplicación informática mencionada no artigo anterior.

Artigo 8. *Instrución do procedemento*

A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais.

Revisarase a documentación presentada coa solicitude de axuda e comprobarase a súa adecuación ás bases reguladoras e á normativa de aplicación, así como as disponibilidades orzamentarias para atender as solicitudes.

De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán efectuarse ás entidades colaboradoras os oportunos requirimentos de emenda ou reparación de documentación, outorgando un prazo de dez días hábiles, coa indicación de que, se así non o fixeren, se terán por desistidas da solicitude, logo da correspondente resolución, que será notificada ao solicitante da axuda.

Artigo 9. *Resolución de concesión das axudas*

Verificado o cumprimento das condicións de beneficiario e a reserva de fondos dispoñibles, notificarase electronicamente á entidade colaboradora a aprobación da solicitude e esta disporá dun prazo máximo dun mes para solicitar a activación do servizo de TDT-Sat.

Se, aprobada a solicitude, a entidade colaboradora non pode atender o compromiso contraído, xa sexa por motivos técnicos ou de prazos, deberá comunicalo coa maior brevidade posible tanto á Secretaría Xeral de Medios como ao solicitante, para que este poida optar por contratar con outra entidade colaboradora das adheridas ao programa, sempre que se encontre dentro do prazo habilitado para a súa realización. A non observación deste punto poderá dar lugar á perda de condición de entidade colaboradora.



O órgano competente para a resolución das axudas é o secretario xeral de Medios.

O prazo máximo para resolver e notificar as subvencións será de seis meses; transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 10. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 11. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Someterse ás actuacións de inspección e control da Xunta de Galicia, así como dos órganos de control autonómicos, estatais e comunitarios.

b) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións (artigo 14.k) da Lei de subvencións de Galicia).

c) Incluír as ditas axudas na correspondente declaración do IRPF.

Artigo 12. *Xustificación e tramitación do pagamento das axudas a través das entidades colaboradoras*

a) Habilitarase un mecanismo de presentación telemática da xustificación das axudas que facilite tamén a presentación agrupada dos proxectos, e que será de uso obrigatorio para as entidades colaboradoras.

b) A entidade colaboradora disporá do prazo de dous meses contados desde a aprobación da solicitude de axuda para presentar a factura e demais documentación xustificativa correspondente á solicitude aprobada. En todo caso, fixarase un prazo máximo para a presentación da dita documentación en cada convocatoria anual.



Na factura, a entidade colaboradora aplicará ao beneficiario un desconto equivalente ao importe da subvención (ata un máximo de 300 euros, IVE incluído), e na factura deberá figurar o referido importe co texto Subvención Xunta de Galicia-Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente-PDRS de Galicia: equipamento TDT satélite.

Co fin de que a entidade colaboradora poida recuperar o importe descontado na factura ao beneficiario, este deberá ceder os dereitos de cobramento da axuda á entidade colaboradora, autorización que consta no formulario de solicitude de axuda.

c) Co fin de que a Secretaría Xeral de Medios tramite o aboamento da axuda ás entidades colaboradoras, deberán presentar a seguinte documentación:

1º Certificación da entidade colaboradora da relación de equipamentos TDT-Sat instalados, indicando para cada beneficiario:

- Código de expediente.
- Número, importe e data da factura.
- Código da solicitude de activación do receptor na plataforma TDT-Sat.

2º Certificado asinado polo instalador de ter realizado a instalación e comprobado o seu correcto funcionamento por cada beneficiario.

3º Copia en soporte informático, en formato PDF ou calquera outro que se indique no convenio, da factura emitida a cada beneficiario e do xustificante acreditativo do ingreso polos beneficiarios do importe da factura.

4º Solicitude de pagamento da subvención pola entidade colaboradora.

d) A Secretaría Xeral de Medios poderá solicitar da entidade colaboradora ou do beneficiario calquera información complementaria que poida considerar para comprobar a adecuada xustificación material e formal da execución da actuación.

e) Comprobada a documentación e o proceso, se procede, a Secretaría Xeral de Medios realizará periodicamente propostas de pagamento polo total da subvención concedida para reintegrar ás entidades colaboradoras os importes das axudas anticipadas por estas.



Estas contías que ingresará a Xunta de Galicia mediante transferencia bancaria ás entidades colaboradoras non supoñen ningún tipo de subvención ás devanditas entidades, senón que é unha subvención aos beneficiarios finais.

f) Para o pagamento das axudas aprobadas por parte da Secretaría Xeral de Medios ás entidades colaboradoras, en referencia á acreditación por parte dos beneficiarios de atoparse ao día das obrigas coa Facenda pública do Estado e da Administración autonómica así como coa Seguridade Social, observárase disposto na lei de orzamentos anual sobre a exención do dito trámite. A convocatoria anual de axudas recollerá a especificidade da dita condición.

Artigo 13. *Actuacións de comprobación e control*

A Xunta de Galicia realizará os controis administrativos e sobre o terreo previstos no Regulamento (UE) nº 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e da condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada e a axeitada realización das actuacións subvencionables.

Así mesmo, os beneficiarios someteranse ás actuacións de comprobación e control que poidan realizar os órganos de control autonómicos, estatais e comunitarios.

Artigo 14. *Incumprimentos e obrigas de reintegro*

De acordo co artigo 5 do Regulamento (CE) nº 65/2011, do 27 de xaneiro, procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o momento da notificación da obriga de reembolso, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II, Do reintegro de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.



Artigo 15. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro do presente réxime de axudas poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

– Recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

– Recurso contencioso-administrativo ante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16. Obrigas de publicidade

Dado que os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, son de contía inferior a 3.000 euros, non será necesario a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, podendo substituírse esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007.

Artigo 17. Protección de datos

A Xunta de Galicia velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e observarase o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e a que derive da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 18. Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, observarase o disposto na normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

ANEXO III

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE ENTIDADES COLABORADORAS PARA A XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO ACCESO AO SERVIZO PÚBLICO DE TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE SATELITAL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PR527A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA			NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	MÓBIL (tlfno. aviso)	CORREO ELECTRÓNICO (correo para avisos)
WEB DA EMPRESA		IAE	
ACTIVIDADE PRINCIPAL		ANO DE CONSTITUCIÓN	CNAE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN LEGAL			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI
No caso de representación mancomunada, datos do 2º representante			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI

DATOS DO INTERLOCUTOR ÚNICO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI

DATOS BANCARIOS			
NOME DA ENTIDADE	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)		

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE
- Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentación son certos. - Que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nela. - Que non se atopa incluído en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. - Que a dita entidade cumpre o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na normativa que o desenvolve (R.D. 1720/2007, do 21 de decembro, de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos, e o R.D. 994/1999, de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal do 11 de xuño de 1999).

AUTORIZACIÓNS DO SOLICITANTE
- Que coñece o previsto no art. 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no referente a que a presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a AEAT, a TXSS e a Consellería de Facenda, de que o solicitante está ao día nas súas obrigas, e asume a dita autorización excepto que expresamente a denegue por escrito e achegue coa solicitude, as ditas certificacións. - Autorizo a Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a notificación electrónica da resolución de selección como entidade colaboradora. - Autorizo expresamente a Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a comprobación dos datos do DNI do representante legal:
<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
(No caso de que o interlocutor único sexa unha persoa distinta do representante legal, deberá anexarse a esta solicitude unha autorización expresa para realizar a citada comprobación)



Secretaría Xeral de Medios



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Medios

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE


- Documentación acreditativa da constitución da empresa (escritura de constitución e estatutos inscritos no rexistro público que corresponda), segundo o artigo 9.4.a) das bases reguladoras.
- De ser o caso, documentación acreditativa do poder con que actúa o solicitante segundo o artigo 9.4.b) das bases reguladoras.
- Copia do NIF segundo o artigo 9.4.c) das bases reguladoras.
- De ser o caso, copia do DNI do representante legal e do interlocutor único segundo o artigo 9.4.d) das bases reguladoras.
- Certificado ou documentación acreditativa de estar rexistradas como tipo A no Rexistro de Instaladores de Telecomunicación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, segundo os artigos 3.b) e 6.c) das bases reguladoras.
- Copia do recibo do seguro de responsabilidade civil en vigor (artigo 6. d) das bases reguladoras).
- Memoria co contido exixido no artigo 9.3º das bases reguladoras.
- De ser o caso, autorización do interlocutor único, que deberá asinarse en folla independente (anexo III - continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 21 de xaneiro de 2013 pola que se aproban as bases e se convoca a selección de entidades colaboradoras na xestión das subvencións para a adquisición e instalación de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital en vivendas e edificacións situadas en zonas para revitalizar do Programa de desenvolvemento rural sustentable en Galicia, e pola que se aproban as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, das devanditas subvencións.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Medios

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

ANEXO III
(continuación)

AUTORIZACIÓN DO INTERLOCUTOR ÚNICO

(Este punto só se deberá cubrir no caso de que o interlocutor único sexa unha persoa distinta ao representante legal)


Autorizo expresamente a Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a comprobación dos datos do DNI do interlocutor único:

SI NON

SINATURA DO INTERLOCUTOR ÚNICO

Lugar e data

, de de









Secretaría Xeral de Medios



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

